

Bo día a todas e a todos:

Velaí que hoxe nesta mañá de outono... ao chamo da Asociación Cultural Val de Lánacara... xa imos recollendo froitos de ben dos que nos sentir a conforto.

Velaí, que “**postos a bico da Terra**” como diría Don Ramón Otero Pedrayo, quero dicir que o que me trae nesta intervención... non é cousa doada e poida que niso corra algunha turbulencia, ora por non atinar na encomenda, ora por parecer que ao falar de amigos un poida pasarse e que todo atufe a exceso tal como a incienso innecesario. Pero confeso tamén que esta encomenda fágoa coa idea de dar no sitio, atinar, dicindo a verdade sen efectos especiais, pois falo DE DOUS AMIGOS.

DE dous AMIGOS...
que fan casa,
que sementan pan
baixo choivas e trebóns...
e coas feridas abertas...
NA MEMORIA.

Pois o deles non son as palabras domesticadas. Esas da gramática blindada, que pretende silenciarnos.

Por iso a este día quen manda é o RECOÑECER. O verbo activo a conxugue de sentir a presente compartido para futuro comunal perfecto.

Recoñecer... si... a eles dous que son tanto... e que son tantos...! Mini e Mero... Mero e Mini.

Dous traballadores na construción da esperanza deste pobo (como deles di Alfonso Blanco Torrado na revista *Irimia*) Dous Galegos normalizados... que non claudican... nin pensan facelo... pois loitan e fan país... e nel sofren as derrotas e pesie a todo... co seu pobo quedan... nestes tempos de tantos cómplices silencios onde falar non é pouco... onde resistir é moito

Eles dous fan certas... estas palabras de Miguel Hernández (palabras que poño en texto de plural e na nosa Lingua Galega)

“Nunca nos perdoarán os señoritos... que puxésemos as nosas poucas... ou moitas intelixencias, os nosos poucos ou moitos corazóns, (dúas cousas nosas que son máis grandes que todos eles xuntos...) que as puxésemos ao servizo do noso pobo... de xeito limpo, franco e nobre... xeneroso... Eles preferirían que fósemos dous senvergoñas, dous cheíñas... do si e amén... dous achantados do “si señor...” Pero non o conseguiron... Nin tampouco o conseguirán...”

E así hoxe os das Asociación Cultural Val de Lán cara, recoñecédelos polo tanto que levan feito e polo moito que lles queda por facer... si... por facer...

E unha das súas moitas tarefas, eles sufridores dos dedos sinalantes, das voces acusadoras, dos asombrados contornos que axexan de contino, exerceron de mestres e son mestres.

MESTRES que militan na escola da aldea, na aldea, na construción e asentamento do ensino público galego e de calidade, en galego pois, como valor de uso tan irrenunciable como obrigado.

E así ensinando, que facelo aprendendo dúas veces, coa lucidez necesaria, a mangados de entusiasmos moitas veces coa procesión por dentro e en teimosa liberdade, con proxectos de dignidade, puxeron mans á obra, para facer casa, país e pobo, patria e nación. E diremos que os soños non foron rotos. Que hai probas de abondosos froitos.

E así tamén por outra banda, a facer país e pobo, Patria e nación, Mini e Mero aran con fe a toda busca e atopan e constrúen memoria. Memoria histórica en tempos de tanta desmemoria.

Memoria que para poñela ao día aínda terá que gardar vez.
Memoria á que Paul Preston lle di:

- “... o grande pacto de silencio e olvido”...

Pois tamén como di o poema:

*“Tristemente despois de cada guerra
obrigatoriamente alguén tería que limpar,
pois as cousas non se ordean soas,
nin se aclaran soas.*

*Co tempo...
algúns comezarán a pechar as bocas
e a dicir que iso aburre.*

*E de golpe... decretan...
que aqueles que sabían de que ía a cousa...
teñen que lle deixar sitio...*

*Aos que saben pouco...
ou menos que pouco
ou practicamente nada...*

*porque nos parlamentos acordaron...
que o perdón xa vai no olvido...
e que é mellor librarse xa dos mortos
e ventilar as fosas...*

E que viva a desmemoria...!"

Pero Mini e Mero non olvidan. Non deixan que polas boas se instale tanta inxustiza e non claudican, eles non son dos que se aburren, non se quedan indiferentes, nin pasivos... pois xa basta de andar sempre entre dúas realidades enfrontadas e militan a toda forza na desexada Comisión da Verdade, pois saben das maniobras ocultas para impedir os recoñecementos ás nosas vítimas.

Por iso saben que salvar a memoria, reparala e restituíla, activala, é a causa necesaria para edificar o futuro.

E así tamén noutro facer país e pobo, Patria a nación, Mini e Mero van na música e na letra, nas voces limpas do nobre cantar.

Velos aí van coas compañeiras e cos compañeiros da Quenlla, con Miro Casabella, Tino Vaz, o gaiteiro Raúl...

Velos aí van con Marica Campo, Manuel María, Xosé Lois García, Uxío Novoneira, Marcos Ana, Anisia Miranda, Xosé Neira Vilas, Xosé Vázquez Pintor, Díaz Castro,...

Velaí a proposta compartida na voz potente de rebeldía, Para poñer luz e denunciar a quen nos atacan, mancan, insultan e indignan.

Eles dous, como di Xosé Lois García:

"...definen vivencialmente a música como arte, acción e dignidade"

Eles son exemplo.

Eles son e foron, como din Antía Otero, Heitor Picallo e Cesar Caramés:

“...parte importante dese espello en que aqueles nenos se ollaban, para cantaruxar... imitando”

As súas cancións son liberadoras (como lles chama Xosé Manuel Carballo). Adquiren esencia de imprescindibles e nelas asentan a toda fachenda a Lingua popular de resistencia, a historia e as tradicións. E así o conxugan sempre en rebelde subversivo... en calquera tempo e lugar, pois como di Xosé Vázquez Pintor:

“Eles son bebedores das esencias populares. Cantan de nós...”

Eles dous son un exemplo de honra, de mans traballadoras que axudan a poñer en pé os nosos días de liberación e non permiten que sexamos un pobo de quedados indiferentes a pasos de ollos pechados para que nos volvan uns desposeídos en terra propia.

Por iso chaman desde dentro e na Lingua, con pureza e leces cristaíñas, coa palabra IRMÁN... E nese chamo dinnos:

Irmán...

sente a rabia como se crava no peito

sente o frío do silencio que a tantos desexos mata

e cóllete forte ás mans dispostas...

cóllete forte...

para poder saír deste baldío.

Cóllete forte...

para dicirmos non ao que nos afoga

e para que os soños rotos poidan volverse...

xogos de nai e acariños,

festa da casa...

e tamén ventos de rebeldía

que boten fóra aos malos fumes...

***da crueldade,
da tiranía...
da estupidez...***

Que niso debemos saber e ter presente que ...

***“NOSO SEÑOR PERMITE TODO PARA CASTIGAR A
MALA XENTE”*** (así dicía unha velliña sabia).

Velos pois aí a eles dous faceren país e actuar en consecuencia. Eles... ***como di Xesús Mato, poetas, músicos, profetas, Mini e Mero... son milleiros de feitos compartidos na amizade e na compañía***

Por iso os seus nomes hoxe van no máis íntimo dos nosos afectos para dicilos IRMANDIÑOS e así a patria sacaraos a bailar e eles... non poderán negarse !

Que recollan pois hoxe nesta terra luguesa unha parte do froito merecido por tantos anos de loita.

Nós así o dicimos (***como podería dicir Pepe Neira Vilas***)...

***“ELES DOUS... MINI E MERO... MERO e
MINI... son moi dignos de que o noso pobo lles
pida que suban a onde el está...”***

***Pois que suban pois...!
Que suban...!***

david otero. en Láncara a 15 de outubro de MMXI, a seguir a loita a prol do noso idioma e pola terra e pobo que nos queren esfarelar.